RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO (PE-1)

Promotor: Concello de Mondoñedo
Órgano substantivo: Concello de Mondoñedo
Expediente: 2022AAE2648

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1 O 24.03.1994 aprobouse definitivamente o vixente Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Mondoñedo (PEPRI-94).

2 O 13.06.2016 aprobouse tamén definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Mondoñedo, mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Este plan non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, xa que o 10.11.2015 a anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu que era inviable[1].

3 O 20.01.2022 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Mondoñedo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico de Mondoñedo, PE-1". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.

4 O 24.01.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).

3 A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e

1 Acolléndose ao preceptuado no apartado dous da disposición transitoria primeira da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, no referente a plans e programas iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e principais características ambientais

Ámbito de actuación: conxunto histórico da vila de Mondoñedo e tramas adxacentes do barrio dos Muíños. O PXOM delimitou e identificou o ámbito como plan especial PE-1.

O ámbito non coincide plenamente co do PE-1 no PXOM, posto que no plan especial rectifícase o seu perímetro para adaptalo á estrutura catastral, o que implica un incremento do 0,45% da superficie delimitada no PXOM.

A maior parte dos terreos están clasificados como solo urbano, consolidado ou non consolidado (PERI-1 mais parte do POL-3 e POL-4), mentres que uns terreos situados ao sur foron clasificados como solo rústico de especial protección paisaxística.

Superficie: segundo o borrador, tras axustar o ámbito á estrutura catastral a superficie do ámbito do plan acada as 46,48 ha.

Características ambientais da área probablemente afectada:

O concello de Mondoñedo localízase na comarca da Mariña Central da provincia de Lugo.

A vila de Mondoñedo sitúase no fondo do Val do Masma, cun fondo escénico montañoso, enmarcado ao sur polas ladeiras da Pena da Rocha. Historicamente representou un centro de poder eclesiástico, albergando a sé episcopal dende o século XII. Tamén foi capital dunha das sete provincias do Reino de Galicia.

O conxunto histórico estrutúrase a partires do asentamento orixinario, cun tecido urbano compacto que medrou ao redor da praza da catedral e no que predominan as vivendas entre medianeiras de tipo tradicional, numerosos elementos de interese patrimonial (cruceiros, fontes, lavadoiros) e unha ampla rede de espazos públicos (prazas e viarios peonís). O barrio dos Muíños, ao sueste da vila, é un asentamento onde destaca a presenza de arquitectura tradicional vencellada ao aproveitamento do río Valiñadares.

O borrador distingue catro áreas homoxéneas no ámbito do plan especial: a cidade intramuros, os tecidos camiñeiros, o barrio dos Muíños e os tecidos de recente formación. Sinálase que o 74,57% dos edificios atópanse en bo estado de conservación, no entanto, apunta á existencia dun elevado grao de desocupación (ao redor do 37,5%) e que a dinámica demográfica decrecente está acelerando os procesos de deterioro do parque de vivendas.

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Todo o barrio dos Muíños está incluído na zona de fluxo preferente e zona inundable (T500) do rego Valiñadares. A zona de policía dun rego innominado invade parcialmente o sur do plan especial.


O patrimonio cultural de Mondoñedo é moi rico e valioso. Teñen a consideración de BIC a "cidade antiga"[2], na categoría de conxunto histórico-artístico, a Catedral[3], asi como os posibles restos da antiga muralla e os escudos, hórreos e cruceiros que se atopen no interior do ámbito do plan especial.

O vixente PEPRI 94 mais o PXOM xa recollen en cadanseu catálogo numerosos elementos de valor arquitectónico, etnográfico e arqueolóxico, tal como Os Castros de Ferreira (no norte do ámbito). Cómpre sinalar que o PXOM cataloga o Barrio dos Muíños como ben do patrimonio cultural coa súa propia ficha (código B-00) e un nivel de protección ambiental, pois trátase dunha peza chave pola súa conexión co conxunto histórico.

A traza do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa[4], atravesa o ámbito do plan, entrando no recinto intramuros para saír pola Porta de Batitales cara a Santiago. A rede viaria dentro da zona histórica caracterízase pola irregularidade e estreiteza das rúas.

O ámbito do plan está atravesado polas estradas autonómicas LU-130 e LU-124. O bordo noroeste do ámbito está delimitado pola traza da estrada N-634a, principal acceso á vila polo oeste e polo norte. Na contorna próxima ao bordo norte do ámbito atópase a subestación eléctrica de Mondoñedo.

Respecto aos servizos urbanos, a vila conta con rede de abastecemento e de saneamento de auga, este último é de tipo unitario agás o rebosadoiro do depósito vello que ten un trazado separativo.



2 Declarado mediante Decreto 91/1985, de 2 de maio.

3 Declarada mediante a Lei do 23 de maio de 1902.

4 A súa delimitación foi aprobada mediante Decreto 158/2014, do 27 de novembro.

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Características do plan especial

Obxecto: establecer a ordenación pormenorizada do conxunto histórico (ámbito do PE-1) en desenvolvemento das previsións do PXOM e para dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria quinta da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPPCG), que esixe revisar e adaptar ás súas determinacións o actual PEPRI-94.

Alternativas: formúlase a alternativa 0, ou de inactividade, e dúas alternativas máis que difiren no alcance das súas actuacións.

A alternativa 1 limítase a integrar as determinacións establecidas no PXOM vixente, revisar a catalogación do PEPRI-94 e cumprir a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

A alternativa 2, ademais de atender ás premisas mencionadas na alternativa 1, prevé articular políticas e programas de rehabilitación, homoxeneizar criterios, renovar o espazo público (reordenación das seccións viarias, establecer acabados de pavimentos, soterramento das canalizacións, regulación das zonas de aparcadoiro...), protexer os elementos singulares de morfoloxía urbana e definir posibles áreas de reforma.

Proposta: a alternativa 2 é a elixida na fase inicial de borrador.

A proposta de ordenación inclúe a regulación de usos, reservas dotacionais, vialidade, servizos urbanísticos, normativa edificatoria e a catalogación do patrimonio.

Como criterios reguladores prevese conservar o parcelario tradicional, as aliñacións existentes, as envolventes dos edificios, o uso residencial como prioritario e as actuais rasantes. Tamén se manterá a conformación actual do contorno do Castro, das marxes do rego Valiñadares e das ladeiras da Pena da Rocha. O borrador recolle todas as trazas da delimitación aprobada do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa.

Nesta fase de borrador non se achega o catálogo de protección que formará parte do plan, pero establécense criterios e unha ficha modelo. Entre outras cuestións, o catálogo agrupará os elementos protexidos en tres grandes bloques: os BICs, as edificacións e o espazo público. Inicialmente incluirá 429 edificacións do patrimonio arquitectónico, e establecerá as actuacións autorizadas en función do seu nivel de protección: integral (4 edificios), estrutural (118 edificios) e ambiental (307 edificios). Segundo a proposta de catalogación do presente borrador, baixarían de nivel de protección uns 123 edificios e subirían de nivel de protección uns 25 edificios.

Ademais, estableceranse liñas de actuación orientadas ao establecemento dun programa de rehabilitación e de axudas especiais á rehabilitación, así como o reforzo do servizo de xestión e asesoramento da rehabilitación.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na formulación e tramitación do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

A nova ordenación deberá ser coherente cos obxectivos xerais da actividade urbanística pública, co PXOM e coa normativa sectorial que afecte ao término municipal e co planeamento urbanístico dos municipios limítrofes, no marco das determinacións que establezan os instrumentos de ordenación do territorio (art. 178.3 RLSG).

O plan especial debe conter as determinacións esixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81 da LSG.

A documentación deberá ter o grao de precisión adecuado aos seus fins e adaptarase aos contidos do artigo 184 do RLSG. O catálogo básico que deberá desenvolverse segundo os artigos 195 a 198 do RLSG incluirá unha ficha individualizada de cada elemento a protexer.

O plan deberase adaptar de xeito completo ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. Así mesmo, debe ser coherente coas posibles afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio vinculantes que incidan sobre o ámbito.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural considera positivo ampliar o ámbito do plan especial, posto que redunda nun maior control sobre o mesmo.

Establece unha serie de medidas protectoras e correctoras, das que cómpre destacar:

- Deberase realizar o correspondente traballo de campo previo para identificar todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito da actuación (determinación 9.3 das Directrices de ordenación do territorio). Ademais do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, cómpre destacar tamén os elementos da arquitectura tradicional e elementos etnolóxicos que puideran existir, como cruceiros, fontes e lavadoiros comunais, muros tradicionais ou camiños reais.
- No Catálogo do plan incluiranse os bens inmobles do patrimonio cultural, os bens merecedores de protección identificados no traballo de campo, así como os bens do patrimonio cultural recollidos no Catálogo do PEPRI-94, no caso de non facelo xustificarase a non inclusión. Preveranse as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos (artigo 81.2 da LSG). Afonda no contido que deberán ter as fichas do Catálogo.
- Os bens inmobles catalogados incluiranse nalgún dos niveis de protección descritos no artigo 41 da LPCG, en función dos seus valores concretos, debendo xustificar con precisión o nivel de protección outorgado aos bens e aos seus distintos elementos.

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Establecerase como contorno de protección de todos os bens catalogados o ámbito delimitado do plan especial, o que se indicará en cada unha das fichas do Catálogo e do que se deixará constancia na Normativa.
- O plan establecerá un réxime normativo específico que garanta a protección dos valores culturais dos bens inmobles incluídos no seu Catálogo, cunha información detallada e unhas ordenanzas específicas que regulen as actividades e as intervencións compatibles cos devanditos valores culturais. Recollerá tamén medidas preventivas e de protección do patrimonio arqueolóxico. En relación á protección do Camiño Norte de Santiago, deberase incluír un apartado específico seguindo as determinacións do título VI da LPCG.
- Estudarase establecer un plan de actuación para o soterrado do cableado existente, como establece a LSG. Asemade, debería valorarse a ordenación dos contedores de lixo e a súa localización, e analizar a posibilidade de establecer zonas de aparcamento que liberen de vehículos o casco histórico.

Instituto de Estudos do Territorio:

Considera que o plan especial pode ter, en xeral, unha incidencia paisaxística positiva.

Porén, sinala que se deberá realizar un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008), que será proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e un estudo da paisaxe urbana (artigo 36.1), por tratarse dun plan especial de protección e rehabilitación que afecta a un núcleo urbano. Ademais, na redacción do plan deberán terse en conta as seguintes cuestións:

- Deberá incorporar unha xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe, en particular as directrices DX.06 e as referidas ao conxuntos históricos (CH).
- En relación ao solo rústico tomaranse como referencia as directrices de paisaxe DX.08, e DX.17, e en particular, para o solo rústico de especial protección paisaxística, situado ao sur do ámbito, a directriz de paisaxe DX.07.
- En relación ao Camiño de Santiago e aos elementos do patrimonio cultural material recollidos no Catálogo, terase en conta o sinalado nas directrices de paisaxe DX.23 e DX.25.
- De acordo co disposto na directriz de paisaxe CH.02, incluirá unha carta de cor e materiais orientada a establecer unhas pautas de intervención respectuosas cos valores culturais do conxunto. Para tal fin recoméndase ter en conta os criterios que recolle a *Guía de cor e materiais* (dispoñible na páxina web desta consellería).

Tomarase ademais como referencia a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*, toda vez que pode complementar os obxectivos do plan especial de establecer criterios técnicos para elección de materiais e para distintos elementos tipolóxicos dos espazos públicos.

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este plan especial preténdese desenvolver as previsións do PXOM para o ámbito do PE-1 así como revisar e adaptar o actual PEPRI-94, o que supón, entre outras cuestións, definir a ordenación pormenorizada do conxunto histórico de Mondoñedo e actualizar o catálogo de protección do patrimonio cultural.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

A revisión e adaptación do vixente PEPRI-94 é unha esixencia legal ao tempo que constitúe unha actuación de interese público, pois garante a protección do patrimonio cultural, dinamizará o tecido urbano, reactivará a economía local e renovará os espazos públicos urbanos.

O plan non promove a ocupación de novos terreos, máis alá do cumprimento das previsións recollidas no PXOM. Porén, nesta fase inicial de borrador non se definen as ordenanzas específicas nin a regulación dos polígonos de solo urbano non consolidado que están afectados polo plan especial, cuestión que se deberá completar en fases posteriores da tramitación.

Os efectos sobre o patrimonio cultural prevese que sexan positivos, tendo en conta que co plan actualizarase o catálogo e establecerase un réxime específico de protección. Porén, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural recolle no seu informe unha serie de medidas protectoras e correctores que cómpre atender para asegurar a salvagarda dos bens do patrimonio cultural existentes.

O borrador carece dun estudo exhaustivo da paisaxe. No entanto, agárdase que o plan teña unha incidencia positiva sobre a paisaxe urbana e a paisaxe en xeral, pois a proposta inclúe actuacións encamiñadas a crear un espazo público de calidade, favorecer unha imaxe homoxénea, así como manter a morfoloxía das edificacións e dos elementos caracterizadores da paisaxe da vila de Mondoñedo.

O barrio dos Muíños está afectado pola zona de fluxo preferente e zona inundable do rego de Valiñadares. Neste solo urbano consolidado aplica o disposto nos artigos 9 ter e 14 bis do Regulamento do Dominio Público Hidráulico así como a normativa do Plan hidrolóxico Galicia-costa no relativo ás zonas inundables.

Por todo o comentado, non se agardan efectos ambientais adversos significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan, pero este deberá ter en consideración as determinacións que se concretan de seguido.

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de protección e rehabilitación do Conxunto Histórico de Mondoñedo, PE-1", no entanto establécense as seguintes **determinacións**:

- Atenderase ás medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, entre outras: realizarase o correspondente traballo de campo para identificar todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito da actuación (determinación 9.3 das DOT); o Catálogo do plan incluirá (artigo 35.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia), ademais dos bens merecedores de protección identificados no traballo de campo, os bens recollidos no Catálogo do PEPRI-94, no caso de non facelo xustificarase a súa exclusión; a normativa do plan e a proposta de ordenación garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural existentes (artigo 35.2 da Lei 5/2016).
- O plan especial deberá conter un estudo da paisaxe e un estudo específico da paisaxe urbana (artigos 35 e 36 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; directriz DX.03 das Directrices de paisaxe de Galicia). Así mesmo, incorporará unha xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe, en particular das directrices DX.06 e as referidas aos conxuntos históricos (CH), ao solo rústico (DX.07, DX.08 e DX.17), ao Camiño de Santiago (DX.25) e aos elementos catalogados (DX.23).
- Na zona inundable e na zona de fluxo preferente do río Valiñadares a ordenación que se proxecte deberá dar cumprimento ás limitacións aos usos que para estas zonas establecen o Regulamento do dominio público hidráulico mais o Plan hidrolóxico de Galicia-costa vixente. En todo caso, atenderase ao que dispoña o organismo de bacía competente no informe sectorial preceptivo.
- Suxírese estudar a ordenación dos contedores de lixo e establecer zonas de aparcamento que liberen de vehículos o casco histórico.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico de Mondoñedo, PE-1", posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para favorecer a integración ambiental do plan adoptaranse as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no Diario Oficial de Galicia e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave), e remitirase ao Concello de Mondoñedo xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan especial (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 18/03/2022 14:13:20

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 18/03/2022 08:01:58

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 21/03/2022 13:55:36

CVE: a9aENodOAWG8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve